

**ACTA NÚMERO 7/2017**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**DO DIA 10 de novembro de 2017**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día dez de novmebro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup>. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D<sup>a</sup> Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar García Pereiro

***Secretaria:***

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

**ORDE DO DIA**

1º RATIFICACION DA URXENCIA DA ORDE DO DIA.-

2º APROBACION PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017.ADICIONAL 1/2017.-

3º APROBACION DO PROXECTO: DP 8401 DE A TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA. CONSTRUCION DE BEIRARRUAS P.K. 5+060 AO 5+470 (TORDOIA). PLAN TRAVESIAS 2017.-

4º MODIFICACION DO GRUPO POLITICO PSdeG-PSOE (30.07.2015).-

**1.- RATIFICACION DA URXENCIA DA ORDE DO DIA.-**

O señor alcalde explica os motivos polos que se convoca por urxencia o pleno, comentando que é pola axilización e remisión de documentación a Excma. Deputación Provincial de A Coruña do POS+2017 adicional e do Plan de Travesías da anualidade 2017 por vencemento de prazo.

Sométese a votación a ratificación e urxencia da Orde do día e votan a favor todas as persoas que asisten ao pleno.

**2.- APROBACION PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO CONCELLOS) POS+2017. ADICIONAL 1/2017.-**

O 26/09/2017 recíbese a circular sobre a elaboración do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal Plan Único Concellos (POS+ 2017) Adicional 1/2017, e tendo en conta a posibilidade de solicitar novos investimentos financeiramente sostibles, non incluídos no Plan Complementario.

PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1º Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concello) POS+ 2017 Adicional 1/2017** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, e solicitar a aplicación da maior achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**a) Financiamento do pago a provedores:**

(Só para o caso de concellos que non presentaron solicitude na 1ª fase deste Plan cuxo prazo rematou o 6 de outubro de 2017)

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Maior achega provincial aplicada ao financiamento de pago a provedores	-----	-----	-----
<b>Subtotal pago a provedores</b>	-----	-----	-----

**b) Financiamento de todos os investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan, tanto dos previstos no Plan Complementario como dos novos:**

(Deberán incluírse unicamente os investimentos que non foron solicitados na 1ª fase deste Plan cuxo prazo rematou o 6 de outubro de 2017)

Investimentos financeiramente sostibles que se solicitan nesta 2ª fase do Plan		Financiamento dos investimentos		
Denominación da obra ou subvministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Cableado e Informatización Concello	491	42.301,60€	-----	42.301,60€
Ampliación Saneamento en Tañe	161	89.722,44€	-----	89.722,44€
Camión Malvares a Portociños	153	30.979,85€	-----	30.797,85€

<b>Subtotal financieiramente sostibles</b>	<b>investimentos</b>	<b>163.003,89€</b>	-----	<b>163.003,89€</b>
--	----------------------	--------------------	-------	--------------------

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ Adicional 1/2017 que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo:

<b>SUBTOTALS</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
A- PAGO A PROVEDORES DESTA 2ª FASE DO PLAN	----- --	-----	-----
B- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES A INCLUIR NESTA 2ª FASE DO PLAN	163.003,89€	-----	163.003,89€
<b>SUBTOTAL</b>	<b>163.003,89€</b>	-----	<b>163.003,89€</b>
IMPORTE DA ACHEGA PROVINCIAL XA APLICADA, DE SER O CASO, NA 1ª FASE DO PLAN		-----	
<b>TOTAL</b>	<b>163.003,89€</b>	-----	<b>163.003,89€</b>

2. Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3. Declarar que o concello ten crédito, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 1/2017, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreitándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6. Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O señor alcalde explica que a Excma. Deputación Provincial sacou un Plan adicional pola que nos conceden 163.003,89€, as obras que se presenten por este plan teñen que ser obras sostibles e son as que se citan no punto 1.b deste acordo.

Sométese a votación e votan a favor todas as persoas que asisten ao pleno, polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

### **3.- APROBACION PROXECTO: DP 8401 DE A TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA. CONSTRUION DE BEIRARRUAS P.K. 5+060 AO 5+470 (TORDOIA). PLAN TRAVESIA 2017.-**

O 5/10/2017 recíbese comunicación de aprobación inicial da primeira fase do Plan de Travesías da anualidade 2017 e solicitude ao Concello de documentación de colaboración coa Deputación de A Coruña, para executar o proxecto DP 8041 de A Tablilla a Agros do Mestre por Pontepedra “construción de beirarrúas P.K. 5+060 ao 5+470 (Tordoia)”, PROPOÑO ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1º aprobar o proxecto de obras de “construción de beirarrúas na DP-8401 de Tablilla a Agros do Mestre por Pontepedra P.Q. 5+060 ó 5+470, por un importe de 169.745,35€, redactado en abril de 2017 polo Enxeñeiro de Camiños don J.C.R.M..

2º autorizar á Excma. Deputación Provincial da Coruña para executar as obras de construción de beirarrúas na DP-8401 de Tablilla a Agros do Mestre por Pontepedra P.Q. 5+060 ó 5+470.

3º declarar que este Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º declarar que este Concello acepta as Bases de colaboración entre a Deputación provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos a incluír nas distintas fases do Plan de Travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-07-2016 (BOP 144/1-08-2016).

5º Este concello comprométese a entrega das obras unha vez recibidas pola Deputación, polo que se aumen os gastos de conservación, reposición, mellora e mantemento dos servizos e instalacións das travesías.

6º Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O señor alcalde explica o contido do expediente, e interven a concelleira do BNG preguntando que tipo de pavimentación leva? O señor alcalde le o proxecto en que consiste a obra.

Sométese a votación e votan a favor todas as persoas que asisten ao pleno, polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

### **4.- MODIFICACION DO GRUPO POLITICO PSdeG-PSOE (30.07.2017).-**

O señor alcalde dalle a palabra ao señor Tomás Castro Liñares para que procede a dar lectura ao escrito presentado o 6 de novembro de 2017 (nº rexistro de entrada 1421) que literalmente dí como segue:

“ D. Tomás Castro Liñares, con documento DNI número XXXXXXXXXXXX e con domicilio no lugar de Gorgullos, en calidade de concelleiro do Concello de Tordoia, comparece e expón:

Que por razóns de tipo persoal, é a miña intención e deixo constancia mediante o presente documento, abandonar a formación política (PSdeG-PSOE) en cuxa lista electoral fun elixido concelleiro nas pasadas eleccións locais do día 24 de maio de 2015, e en consecuencia procedo a abandonar o grupo municipal do PSdeG-PSOE , no que estiven integrado.

Por iso, SOLICITO:

Que se me teñan por formuladas as anteriores consideracións e en consecuencia o pase á consolidación de concelleiro non adscrito a grupo algún.

Prego do señor alcalde que dea conta do presente escrito na próxima sesión plenaria, con adopción das decisións que legalmente procedan.

Tordoia, 23 de outubro de 2017”

O señor Tomás Castro Liñares, dí que queda á disposición do goberno para favorecer aos veciños e que seguirá sendo crítico co que non vexa ben.

O señor alcalde ante o escrito presentado polo concelleiro don Tomás Castro Liñares, manifesta a necesidade de modificar o acordo de Pleno do 30.07.2015 reconfigurándose os grupos políticos. Polo tanto o grupo político coas siglas PSdeG-PSOE estaría integrado por don Carlos García Vázquez.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:15 horas.